



EXTRACTO DO PROTOCOLO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA A RESPOSTA EDUCATIVA DO ALUMNADO CON DISLEXIA, TRASTORNOS DA LECTOESCRITURA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

I - Recomendacións e orientacións para o propio alumnado

O auto-coñecemento -incluíndo a aceptación da propia realidade e o coñecemento das estratexias de aprendizaxe usadas-, pode ser unha peza clave para a mellora dos resultados académicos do alumnado con dislexia, trastorno da lectoescritura e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

En consecuencia, entre as orientacións que poden promover unha mellora no funcionamento escolar do alumnado con dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe, útiles tamén para o resto do alumnado, poden citarse:

- Coñecemento da natureza da dificultade específica da aprendizaxe e das repercusións desta no seu desenvolvemento e no seu funcionamento escolar.
- Descubrimento e reforzo dos seus puntos fortes (habilidades, destrezas).
- Recoñecemento das medidas de atención á diversidade que se están poñendo ao seu dispor.
- Establecemento de metas realistas, alcanzables.
- Adquisición e uso de estratexias de autocontrol e relaxación.
- Desenvolvemento da auto-responsabilidade na vida diaria, co coñecemento e uso de rutinas.
- Coñecemento do seu ritmo de aprendizaxe e do proceso que segue para aprender.
- Planificación do seu horario de traballo, tendo en conta os tempos dos que dispón e as súas preferencias.
- Uso dunha axenda na que anotar as tarefas escolares, os exames, os recados, as notas, etc.
- Asegurarse de que conta cos materiais necesarios para o traballo e/ou estudo, colaborando entre os compañeiros e compañeiras.

- Adquisición de hábitos de estudo eficaces: buscar un sitio onde se traballe cómodo e sen elementos de distracción; practicar a realización de resumos, esquemas, mapas conceptuais; etc.
- Adestramento en estratexias para mellorar a memoria, con regras mnemotécnicas propias que favorezan o almacenamento e a recuperación da información.
- Adestramento en auto-instrucións.
- Uso de carteis e notas de cores das cousas que soe esquecer.
- Demanda ao profesorado das explicacións necesarias das cousas que non entende.
- Mellora no uso e no coñecemento das distintas ferramentas informáticas e audiovisuais en canto facilitadoras da aprendizaxe.
- Uso dun dicionario que conte co alfabeto enteiro nas marxes.

II - Orientacións para o equipo docente

1- Respecto da motivación e da autoestima do alumno ou da alumna

- Facerlle saber que coñece as súas dificultades, polo que se lle van proporcionar recursos para que no seu proceso de aprendizaxe teña as mesmas oportunidades cós seus compañeiros e compañeiras.
- Planificar tarefas ou actividades na que destaque, proporcionándolle recoñecemento ante os compañeiros e compañeiras.
- Comentar con el ou con ela os recursos que lle van axudando e resultando útiles, valorando as melloras que vai tendo e corrixindo os posibles erros.
- Non dar os resultados das cualificacións en voz alta.
- Facer observacións positivas sobre o seu traballo, reforzando aquilo que necesita mellorar.

2- Respecto da aula e das tarefas:

- Colocar ao alumno ou á alumna nun lugar no que poida recibir a maior cantidade de información de forma correcta así como para que o profesorado poida comprobar que esa información lle chega ben e a interpreta de forma adecuada.
- **Escribir os puntos clave e as palabras novas ao principio da clase, para axudarlle a seguir as explicacións, usando unha tipoloxía (sarakanda, arial, opendyslexic,) que defina ben cada letra e un tamaño (12 ou 14) e un interliñado (1,5 ou 2) que facilite a súa lectura.** É aconsellable que o fondo do texto sexa en cor crema ou pastel suave, pero non en branco, para evitar que resulte deslumbrante.

- **Utilizar apoios visuais (mapas conceptuais, esquemas, organizadores gráficos,...)** que lle permitan relacionar os conceptos novos coa experiencia previa.
- **Proporcionar con antelación o material escrito necesario para seguir a clase, tendo en conta a dificultade deste alumnado para tomar notas e, ao mesmo tempo, atender as explicacións.**
- Verificar que ten todo o material e os apuntamentos necesarios para o estudo.
- **No caso de practicar lecturas en voz alta, proporcionarllas con suficiente antelación para que as poida preparar, evitando, deste xeito, tensións que menoscaben a súa autoestima.**
- **Asegurarse que entende as tarefas, polo que é adecuado dividilas, variar o formato e verificar a súa comprensión.** Non dubidar en repetirlle e explicarlle as cousas as veces que sexa necesario.
- **Proporcionar instrucións, tanto orais como escritas, claras, concisas e secuenciadas en pasos.**
- **Permitir o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula (calculadoras, gravadoras, tabletas, lectores electrónicos, dicionarios, ortografía, texto para os programas de voz, audio libros, ...),** que poden ser ferramentas moi útiles.
- **Corrixir as tarefas de forma individualizada co alumno ou coa alumna, valorando os traballos polo seu contido e non pola súa forma, e non abusando da cor vermella nas correccións. Mellor usar cores non “prohibitivas”, dar sempre a palabra ou a resposta correcta e evitar tachar os erros -preferiblemente rodealos-.**
- **Darlle todo o tempo que necesite para terminar as súas tarefas.**
- Fomentar o uso de axendas e/ou calendarios, comprobando que a información anotada é correcta.
- **Dosificarlle a cantidade de traballo, tendo en conta que lle levará máis tempo facelo có resto do alumnado, tanto na casa como na clase. O equipo docente coordinará e organizará a cantidade de traballo que se lle pode mandar para a casa diariamente.**

- **Facer observacións positivas sobre o seu traballo, sen deixar de sinalarlle aquilo no que necesita mellorar e a forma de facelo.**
- **Na medida do posible, evitar que teña que copiar o enunciado dos exercicios, para non consumir o tempo que necesita para entendela e para dar as respostas.**
- Permitirlle o uso do ordenador para entregar traballos escritos.
- **Adaptar os libros de lectura ao nivel lector do alumno ou da alumna e ás súas preferencias.**
- Axudarlle a facer mapas conceptuais e esquemas para mellorar as súas técnicas de traballo intelectual.
- Utilizar recursos informáticos e técnicos adecuados ás súas dificultades.

3- Orientacións para a avaliación

Os criterios de avaliación e os estándares concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer, e cando iso se fai co coñecemento e implicación das alumnas e dos alumnos, a mellora da calidade educativa está garantida.

Avaliar é un proceso individual, singular de cada persoa, polo que **hai que considerar as súas circunstancias persoais e adaptarse a particular forma de ser e de aprender de cada quen.** E sendo así para a totalidade do alumnado, con máis razón para o alumnado con dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe. Por iso, cando se trata de avaliar curricularmente a estas alumnas e alumnos -sempre desde os principios de **avaliación continua, global e formativa-** **cómpre considerar aspectos como os que seguen:**

- **Asegurarse de que entenden o que se lles demanda.** E para iso hai que explicarlles, verbalmente ou polo medio que mellor se adapte, as tarefas que se propoñen. E explicárllelas tantas veces como sexan necesarias. Este proceso é independente de que saiban a resposta ao que se lles demanda. Primeiro hai que asegurarse de que comprenden o que se lles pide.
- **Na medida do posible (se o alumno é máis competente oralmente), usar a avaliación oral en lugar da escrita, pois o traslado da información, tanto na escritura como nas operacións, posiblemente non reflicta as súas competencias.** Se este alumnado é máis competente na comunicación verbal non debe haber ningún problema en que sexa ese medio o usado na maioría dos procesos de avaliación dos seus coñecementos, da súa competencia curricular.

- **Cando se use a forma escrita para avaliar, evitar preguntas que requiran unha resposta moi elaborada. Mellor optar por preguntas de SI/NON, de VERDADEIRO/FALSO, de PASO A PASO, de RESPONSA CURTA, etc., e non penalizar os posibles erros ortográficos ou ser tolerantes con eles. Igualmente, débeseles permitir que expliquen oralmente o que escribiron ou querían escribir.**
- **Facilitarlles, con suficiente antelación, toda a información necesaria sobre o modelo de exame, a súa estrutura, a forma de complementalo, etc**
- En sesións de traballo colaborativo, usar a avaliación grupal como recurso, onde afloran as fortalezas de cada quen.
- **Darlles todo o tempo que necesiten para rematar as tarefas e, de ser o caso, dosificárllelas, repartírllelas no tempo. Tamén é conveniente adecuar o formato (tipoloxía -sarakanda, arial, etc.- que defina ben cada letra, tamaño -12 ou 14- e interliñado -1,5 ou 2-) e resaltar as palabras clave (utilizando negriñas en lugar de subliñados e de cursivas), de xeito que facilite a súa lectura e comprensión.**
- **Evitar que teñan que copiar as preguntas dun exame, dállelas impresas e en “monodoses” (cada pregunta, cada operación a realizar debe diferenciarse do conxunto ou da globalidade da actividade). O mesmo, sempre que sexa posible, nas tarefas do día a día.**
- **Evitar as dobres negacións na formulación das preguntas.**
- **Corrixirlles e comentarlles persoalmente as súas producións, as súas elaboracións, usando todo tipo de exemplos e de forma reiterada.**
- Permitirlles o uso das tecnoloxías da información e da comunicación en todas as tarefas posibles, especialmente como apoio ás súas dificultades na escritura e no cálculo. **Táboas de multiplicar, calculadoras, táboas periódicas, etc. deben estar ao dispor do alumnado en todo tipo de probas de avaliación.**
- **Evitar as connotacións negativas** nas correccións das súas tarefas, explicándolles o que debían contestar e como podían facelo.
- **Axustar a cantidade de tarefas ao que se pretende comprobar, medir, avaliar. Non se trata de simplificar as tarefas senón de axustar a cantidade e o medio, e ser coherentes na progresividade da complexidade ou dificultade.**

- Manterlles o mesmo nivel de esixencia có resto do alumnado. O que deben ser distintos son os procedementos, os tempos, os instrumentos, as probas, etc.
- **Permitirlles nas avaliacións o uso de esquemas, de gráficos e de todo aquilo que a facilite a comprensión e resolución.**
- Axudarlles a revisar todas as respostas nas probas ou tarefas escritas.
- **Distribuír adecuadamente as probas específicas de avaliación, con suficiente antelación e evitando a coincidencia de varias no mesmo día.**
- **Valorar, de forma relevante, o traballo do día a día, o esforzo, a actitude, etc. Considerar o conxunto do proceso, non só o resultado.**

E a estes aspectos específicos debe sumarse un extraordinario coidado do desenvolvemento psicolóxico, do terreo emocional. E para iso o alumno ou a alumna ten que saber, ten que experimentar que o profesorado coñece e comprende a súa realidade, que lle vai axudar en todo o que precise, que lle vai a conceder todo o tempo necesario, que vai permitir que manifieste a súa competencia da forma que mellor lle resulte, pero que tamén lle vai esixir esforzo e rendemento acorde ao seu potencial.

ESTRATEGIAS E EXERCICIOS PARA MELLOR A EFICACIA LECTORA E ESCRITORA

Obxectivos:

- Incrementar o vocabulario visual potenciando a capacidade para recoñecer as palabras globalmente pola ruta directa.
- Corrixir as omisións (de letras, sílabas e palabras) que comete tanto na lectura como na escritura.
- Lograr que o alumno acade unha automatización dos procesos lectores de forma que poida empregar os seus recursos atencionais na comprensión do texto.
- Desenvolver, ó mesmo tempo estratexias de comprensión lectora que permitan unha lectura eficaz dependendo do propósito fixado.

Estratexias e actividades xerais:

1. Lectura simultánea de textos. A actividade básica para aumentar a velocidade lectora é ler masivamente. Tense probado con éxito o procedemento consistente en ler profesor e alumno/a conxunta e simultaneamente un texto en voz alta, incluíndo variantes coma que a lectura non se realice co profesor, senón con outro adulto (pai, nai), ou cun compañeiro máis hábil en lectura, o uso de textos gravado que o alumno/a escoita mediante que le o texto, etc

Unha posibilidade máis concreta de actuación pode ser a que Andrés Suárez indica no seu libro *Iniciación escolar á lectura/escritura* (Edicións Xerais) que consiste no seguinte:

1) Lectura oral dun texto sinxelo ou frase, polo profesor, de forma lenta, clara e expresiva.

2) Falase a continuación co alumno/a do contido do texto (o que máis lle gustara, das ilustracións, das palabras que non entende ben, do que poderá pasar despois no texto...)

3) Seguidamente o alumno/a le o mesmo texto, lectura que se grava nun magnetófono e se cronometra.

4) O alumno/a escoita a súa lectura, estimulándoo para que vaia facendo todo tipo de reflexións e autocontrois.

5) Finalmente o alumno/a lerá o texto na casa ós seus pais.

Unha variante é a chamada lectura con eco oral, que consistirá en:

1) Lectura por parte do profesor da frase ou texto.

2) O alumno/a deberá expresar oralmente (pero sen ler) a mesma frase

3) Lectura da frase polo alumno/a

4) Comparación das dúas formas de expresión oral da mesma frase, realizadas polo alumno e o profesor.

5) Se existiran erros de lectura, deberíase volver a repetir a secuencia de actividades co mesmo texto.

2. Lecturas repetidas: este é un método que consiste en que o alumno/a lee reiteradamente unha pasaxe curta, pero significativa (unha frase o principio, un parágrafo despois, e así sucesivamente) ata acadar un nivel de velocidade e fluidez determinado. Unha vez que se acada o nivel prefixado, repítese o procedemento cun novo texto de características distintas. É indispensable usar como axuda adicional unha gráfica de resultados diarios de lectura onde poden ir vendo os seus avances, co fin de proporcionarlle tanto retroalimentación continuado como reforzo positivo.

Unha alternativa complementaria consistiría en facer as lecturas repetidas con listas de palabras de especial dificultade para o alumno, recollidas a partir dos erros cotiás de lectura.

3. Lecturas encadeadas: outra variación sobre a estratexia de repetición como instrumento de traballo para mellorar a fluidez son as lecturas encadeadas, que consisten en ir prolongando unha oración inicial cunha serie de oracións subordinadas, ata construír un texto o máis semellante a unha historia, exemplo:

- Esta é a casa que Pablo construíu
- Este é o can que vive na casa que Pablo construíu
- Aí está o oso do can que vive na casa que Pablo construíu
- Perla é o gato que roubou o oso do can que vive na casa que Pablo construíu
- A vaca molestou a Perla, que é o gato que roubou o oso do can que vive na casa que Pablo construíu.
- Aquel toro vive coa vaca que molestou a Perla que é o gato que roubou o oso do can que vive na casa que Pablo construíu.
- O toureiro torea ó toro que vive coa vaca que molestou a Perla, que é o gato que roubou o oso do can que vive na casa que Pablo construíu.

Estratexias e actividades para potenciar a ruta visual ou directa no recoñecemento de palabras:

Normalmente a ruta directa non necesita dunha aprendizaxe sistemática, xa que polo feito de atoparse unha e outra vez, coas mesmas palabras, o alumno/a acaba por formar unha representación mental desa palabra na memoria visual. Porén os alumnos cunha memoria visual pobre, resúltalles moi difícil formar unha representación mental dos mesmos.

As tarefas para desenvolver esta ruta son semellantes as empregadas nos métodos de lectura globais, xa que en definitiva o que o alumno/a ten que facer é memoriza-la forma ortográfica da palabra. En xeral a intervención irá dirixida en primeiro lugar a unha automatización do recoñecemento das unidades subléxicas (silábicas e morfémicas) e, a partir das actividades realizadas conseguir a representación ortográfica das palabras.

Posibles actividades:

- Presentar simultaneamente debuxos coas palabras que o designen, a través de lotos, barallas, ou programas informáticos coma o WIN- ABC

- Lectura simultánea de palabras: estas tarefas teñen como obxectivo o adestramento lector con palabras soltas de distinta lonxitude e frecuencia. A secuencia básica consiste en:

 - Mentres o lector observa a palabra escrita, o profesor pronuncia en voz alta, con voz clara.

 - O alumno pronuncia a palabra en voz alta

 - O profesor ou sistema automático repite a palabra.

Unha posibilidade é a utilización do ordenador para a presentación das listas de palabras, a través do Power Point ou outro programa de presentacións similar. A vantaxe é que ademais de ser máis motivante, pódese traballar varias veces unha mesma serie de palabras presentadas en cada ciclo en orde aleatorio, diminuindo en cada quenda o tempo para os tres pasos citados anteriormente, e facendo que na última serie desapareza a lectura previa por parte do profesor.

As listas de palabras a utilizar poden ser variadas, e van a depender dos erros que cometa o alumno/a con maior frecuencia. Poden utilizarse:

- Listas de sílabas con distinta estrutura, directas, inversas, trabadas...

 - Listas de palabras que comparten varias letras na terminación, por exemplo: amable, admirable, comparable...

- Listas de familias de palabras e identificación da fonoloxía e ortografía compartida: por exemplo, pincel, pinceis, pinceliño, pincelada,...

- Listas de palabras homófonas (hola , ola) e pseudohomófonas (por exemplo havuelo (abuelo), kavayo- caballo)

- Listas de palabras inventariadas a partir dos erros máis comúns do alumno/a

- Listas de pseudopalabras: (casiplen, trodapa, flempa,...)

- Nas listas deben empregarse ademais palabras familiares, longas, curtas, estrutura silábica, frecuencia

- Outra das tarefas que se poden utilizar para favorece o recoñecemento global das palabras e o soletreo inverso de palabras, xa que así forzase ó alumno/a para que xere mentalmente a imaxe escrita das palabras.

- Análise fonolóxico e ortográfico de palabras, con estas actividades preténdese traballar con segmentos fonolóxicos e ortográficos de palabras. As actividades poden consistir en encadeados silábicos, illar as sílabas iniciais ou finais de palabras, e combinalas para formar unha palabra nova.

- Completar frases, os exercicios de completar frases elixindo a palabra adecuada entre varias similares proporciona a oportunidade para que o alumno desenvolve a capacidade para activar imaxes ortográficas de palabras que comparten a mesma raíz e seleccionar a axeitada ó contexto que se presenta. Por exemplo:

Las _____ están en el _____ (cebolla, cebollero Formar, cesto, cebollas)

- Formar novas palabras substituíndo a vocal que modifica a fonoloxía da consoante (cabo -cebo...)

Estratexias e actividades para traballar a ruta fonolóxica:

A recuperación da ruta fonolóxica require actividades máis variadas e complexas xa que esta vía inclúe varios procesos:

- segmentación da palabra nos seus grafemas.

- conversión dos grafemas en fonemas.

Isto require que o alumno/a sexa consciente de que a fala se pode segmentar en sons, e que eses sons se poden representar mediante letras.

As actividades para traballar a ruta fonolóxica son principalmente actividades realizadas primeiro de forma oral:

- Tarefas de segmentación da fala: segmentar as oracións en palabras, as palabras en sílabas, e as sílabas en fonemas.(ver o apartado indicado nas actividades para desenvolver a conciencia léxica, silábica e fonética)

- Exercicios para afianzar as regras de conversión grafema-fonema sobre todo naqueles casos de consoantes nos que se poden dar confusións dependendo das vocais as que acompañen (ca, ce, ci, co, cu,/ gu, ge, gi ...) *José Luis necesita traballar sistematicamente : g/j /gue

- Tarefas de identificación de sílabas e fonemas.

- Tamén se poden utilizar os exercicios que se sinalan no seguinte apartado dedicado a escritura, coma os recollidos no programa lectura.

As tarefas irán orientadas a estimular a conciencia fonolóxica que é unha habilidade metalingüística que permite o lector manipular mentalmente os fonemas das palabras. Esta capacidade maniféstase de diversos modos: así, se un neno/a é capaz de omitir, engadir, invertir, separar ou unir os fonemas que compoñen unha palabra dise que ten conciencia fonolóxica.

“Estratexia escribir unha palabra” con este programa instrúese ós alumnos na habilidade de segmentación e identificación dos fonemas xunto coas regras de asociación grafema-fonema. O programa de lectura é un programa de decodificación, unha instrucción explícita en decodificación de palabras.

Pasos da Estratexia escribir unha palabra:

1. O alumno escoita a palabra (p.ex: /cantante/)
2. Sepáraa en sílabas (/can/tan/te)
3. Conta o número de sílabas
4. Debuxa un cadrado por cada sílaba.
5. Articula separadamente e con claridade cada sílaba
6. Conta o número de sons que forman cada unha das sílabas
7. Divide cada cadrado de sílaba en tantas partes coma sons a forman
8. Escribe a grafía adecuada en cada oco
9. Escribe de novo a palabra, agora toda enteira e unida.

Pasos do Programa Lectura:

1. Presentase unha palabra escrita
2. Segmenta nas súas diversas grafías
3. Asocia cada grafía ó seu son correspondente
4. Ensambla os sons, formando sílabas
5. Ensambla as sílabas para forma-la palabra

Outras actividades para desenvolver a consciencia léxica, silábica e fonémica:

As actividades recomendase facelas en sesións diarias de 15 minutos. Cada exercicio débese repetir, buscando novos exemplos. Cada semana pódense practicar, por termo medio, 3 ou 4 exercicios, tendo en conta que as tarefas con palabras e sílabas son moito máis fáciles que as que se fan cos fonemas. Os exercicios de consciencia léxica deben comezar con frases de poucas palabras e pouco ilas incrementando.

Os exercicios que se poden facer para desenvolver a competencia de segmentación fonémica son múltiples, se se trata dunha palabra de máis dunha sílaba, o normal é que primeiro se descompoña en sílabas e, logo, cada sílaba nos seus fonemas. Exemplos de actividades:

1. O profesor di unha frase e o alumno ten que contar o número de segmentos orais que a forman: facendo primeiro en palabras, despois cada palabra en sílabas, e finalmente en fonemas.

2. Invertir palabras nunha frase, as sílabas nunha lista de palabras, e finalmente os fonemas

nunha sílaba ou palabra, exemplo: /loma/ - /malo/, /saco/-/cosa/, /es/- /se/...

3. Engadir segmentos orais (palabras, sílabas ou fonemas) a outros: "/osa/ - /rosa/

4. Unir segmentos silábicos ou fonémicos, exemplo: /me/ + /sa/ -/mesa/, /t/ +/ra/- /tra/...

5. Segmentar palabras, sílabas ou fonemas, exemplo: "se a /Rosa/ lle quitamos /Ro/ ¿que nos queda?", "se a /Rana/ lle quitamos o /R/ ¿que palabra queda?"

6. Separar dunha lista de palabras o fonema que vai en posición inicial, ou o que vai en posición final...

7. Identificar cando o fonema é o mesmo en dúas emisións sonoras

ESTRATEGIAS E EXERCICIOS PARA MELLORAR OS PROCESOS ESCRITORES

1. Exercicios para corrixir as omisións e inversións de orde de letras e sílabas:

“Deletreo oral e síntese oral de sílabas e palabras”. O obxectivo destas dúas tarefas é a de proporcionar ó alumno unha exercitación abundante e rápida sobre os dous aspectos básicos para a solución dos erros de omisión e inversión: a identificación automática dos fonemas que compoñen a sílaba e a formación, tamén automatizada, de sílabas a partir dos fonemas illados.

Nas actividades de deletreo oral o profesor vai presentando sílabas complexas e o alumno debe deletrealas coa maior rapidez posible. Pode consistir por exemplo en preparar 10 sílabas e presentalas escritas en tarxetas individuais, diapositivas, ou no ordenador (Power Point), unha a unha; tras repetir a secuencia unha segunda vez, o profesor di as sílabas sen amosar as tarxetas, pronunciándoas.

Nas actividades de síntese de sílabas, debe realizarse sobre as unidades xa traballadas do xeito anterior, o profesor comeza dicindo en voz alta as letras cun ritmo cada vez maior, repetindo a serie tres veces; logo, presenta outra vez a serie de sílabas, pero amosando cada letra en tarxetas individuais.

A medida que o alumno vai progresando na execución desa tarefa, iranse introducindo non solo sílabas, senón tamén palabras bi, e trisílabas, e palabras nas que frecuentemente falle o alumno.

“Ditado de sílabas, series de sílabas e palabras” O profesor dita diversas series de sílabas inversas, mixtas, directas e trabadas, (p.ex NA/AN, BRA, BAR...), os ditados poden facerse de forma diferente: o comezo, se o alumno comete fallos de omisión e ou inversión de orde, a un ritmo lento e enfatizando moito cada fonema, e pedindo o neno que “escriba” as letras o mesmo tempo que as vai oíndo; no caso de que non cometa estes fallos pídeselle o alumno que escoite con atención as series e as memorice e que non comece a escribilas ata que rematemos.

“Ditado e copia de sílabas e palabras falladas” coas sílabas e palabras coas que cometese algún erro, podemos traballar en actividades de copia do seguinte xeito: o alumno lee a sílaba ou palabra escrita polo profesor en voz alta; soletrea en voz alta, soletrea mentalmente; e finalmente escríbea.

“Formación de palabras” o alumno formará con letras móbiles palabras coñecidas que inclúan as sílabas traballadas.

“Identificación de sílabas” preséntaselle o alumno dunha folla con sílabas escritas en grupo de tres debendo subliñar a que coincida coa primeira ou a última do nome dun debuxo que ten xunto cada grupo. Pódese facer tamén subliñando a que lle dita o profesor ou compañeiro. As tres sílabas que forman o grupo deben estar relacionadas de forma que os erros de omisión e inversión de lugar a unha confusión entre elas (por exemplo, o debuxo representa un globo e as sílabas son GLO/GOL/GO, ou o debuxo representa unha antena e as sílabas son AN/NA/AM)

“Completar con letras que faltan” xunto a un debuxo o neno atopa unha palabra escrita á que lle faltan unha ou máis letras (_bo, xunto a un globo; ma __ , xunto unha manta) Outra alternativa destas actividades de cerre son a de presentar frases breves escritas onde sistematicamente faltarán unha sílaba ou unha letra cada dúas ou tres palabras, debendo o neno escribilas no oco axeitado.

“Selección entre opcións” consiste en que o alumno ten que elixir a forma correcta entre dúas ou máis opcións propostas no papel (por exemplo, xunto ó globo están escritas “globo” e “golbo”, sobre as que di “ GLO ou GOL”

“Ditado de imaxes” é un exercicio similar o anterior, pero sen que haxa ningunha axuda no papel, onde soamente aparece o debuxo é unha liña en branco onde escribir o seu nome.

Posteriormente os debuxos de obxectos aillados sustituiráanse por debuxos de escenas, acerca das cales o alumno deberá escribir unha ou máis frases descritivas.

“Dictados convencionais” consiste no clásico ditado, comezando sempre con palabras e frases curtas tendo en conta ademais que nunca se debe ditar se non se vai a corrixir inmediatamente o escrito polo alumno, xa que calquera erro non revisado de inmediato tende a reforzarse.